

Anexo 1

Programa de actividades incluídas no convenio de colaboración que asinan o Concello de Santiago e a Sala Yago

Para o ano 2.005 conta cos programas: *Títeres no Yago*, *Títeres para a Escola*, *Teatro no Yago*, *Teatro para o ensino medio*.

Consideramos que se trata dunha oferta de gran variedade escénica e aberta a todos os sectores da poboación, xa que cada un dos programas está destinado a un público específico.

“Títeres para a escola”, programación escolar de títeres, dirixida a público escolar (ensinanza primaria) que se leva a cabo nas mañáns dos luns e/ou martes do almanaque escolar.

Promover a cultura e a sensibilización artística dos nenos e dos mozos é o que se pretende con estas programacións dirixidas ó sector máis novo da poboación.

Participarán neste programa 25 compañías de distintas procedencias (galegas, españolas e internacionais) con espectáculos dirixidos a público infantil e de distintas técnicas de construción e manipulación, que realizarán dúas funcións. Polo que resultan 50 representacións dirixidas a público escolar.

“Títeres no Yago”, programación de títeres para toda a familia, desenvolvido os domingos pola mañán.

Participarán neste programa 25 compañías de distintas procedencias (galegas, españolas e internacionais) con espectáculos dirixidos a público infantil e de distintas técnicas de construción e manipulación. Estas compañías realizaran unha función para todos os públicos.

“Teatro para o ensino medio”, programación teatral específica para os mozos e mozas de centros de educación secundaria de toda Galicia, que se desarrolla nas mañáns dos mércores e xoves do almanaque escolar.

Xa que entendemos que a educación e a formación non remata na aula e que todos, e non só os educadores, debemos contribuir a este proceso, deseñamos este programa co fin de establecer unha fructífera relación entre o teatro e os alumnos de ensino medio e poñer en mans do profesorado unha ferramenta de grande utilidade na súa práctica docente e na súa aplicación práctica.

Participarán neste programa 9 compañías galegas con montaxes especialmente deseñadas ou adaptadas e este público, que realizarán unha media de catro representacións dándonos un total de 36 representacións.

“Teatro no Yago”, programación de teatro para adultos realizada de xoves a domingo en semanas alternativas. Trata de promocionar obras de texto de autores contemporáneos e facilitar a presenza de compañías doutras comunidades autónomas co fin de favorecer a comunicación cultural entre as comunidades propiciando o coñecemento da pluralidade e da riqueza dos seus respectivos patrimonios cultura.

Participarán neste programa 15 compañías de distintas procedencias, que realizarán cada unha catro representacións, dando un total de 60 representacións.